



| Guía Docente          |                                 |                    |             |           |
|-----------------------|---------------------------------|--------------------|-------------|-----------|
| Datos Identificativos |                                 |                    |             | 2014/15   |
| Asignatura (*)        | Lingua galega e a súa didáctica |                    | Código      | 652G02005 |
| Titulación            | Grao en Educación Primaria      |                    |             |           |
| Descritores           |                                 |                    |             |           |
| Ciclo                 | Período                         | Curso              | Tipo        | Créditos  |
| Grao                  | 1º cuatrimestre                 | Primeiro           | Obrigatoria | 6         |
| Idioma                | Galego                          |                    |             |           |
| Prerrequisitos        |                                 |                    |             |           |
| Departamento          | Didácticas Específicas          |                    |             |           |
| Coordinación          |                                 | Correo electrónico |             |           |
| Profesorado           |                                 | Correo electrónico |             |           |
| Web                   |                                 |                    |             |           |
| Descrición xeral      |                                 |                    |             |           |

| Competencias da titulación |   |
|----------------------------|---|
| Código                     | Competencias da titulación  |
| A45                        | Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura.                                     |
| A46                        | Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma. |
| A48                        | Fomentar a lectura e animar a escribir.   |
| A50                        | Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.                    |
| B3                         | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.   |
| B7                         | Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.                                   |
| B9                         | Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.                    |

| Resultados da aprendizaxe   |     |                            |  |
|---|-----|----------------------------|--|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)   |     | Competencias da titulación |  |
| Coñecer o currículo de Lingua e Literatura Galega na E. Primaria.   | A45 |                            |  |
| Ser capaz de analizar criticamente as propostas curriculares procedentes da administración educativa.   | A45 | B3                         |  |
| Coñecer o comportamento fónico, morfosintáctico, léxico e pragmático da lingua galega.  | A46 |                            |  |
| Utilizar en cada contexto comunicativo os trazos fónicos, morfosintácticos e léxicos adecuados da lingua galega.                                  | A46 |                            |  |
| Distinguir o dialectal do estándar e o correcto do incorrecto, e aplicar estas distincións á aprendizaxe da lingua galega na aula de E. Primaria. | A46 |                            |  |
| Posuír un dominio alto da expresión oral, da lectura e da escritura en lingua galega.   | A46 |                            |  |
| Expor con corrección, falando e escribindo en lingua galega, ideas previamente elaboradas, e facelo de maneira coherente e organizada.            | A46 | B9                         |  |
| Saber comunicarse no centro educativo de xeito apropiado e eficaz en lingua galega nas diferentes situacións docentes.                            |     | B7                         |  |
| Ser capaz de organizar e conducir o desenvolvemento das destrezas orais e escritas en lingua galega na E. Primaria.                               | A50 |                            |  |
| Coller gusto e hábito pola lectura e pola escritura en lingua galega e fomentalos no alumnado.  | A48 |                            |  |

| Contidos                           |   |
|------------------------------------|---|
| Temas                              | Subtemas  |
| 1. A lingua galega na E. Primaria. | 1.1. A Lei de normalización lingüística e os decretos de desenvolvemento dela.<br>1.2. O currículo de Lingua e Literatura Galega. |



|   |   |
|---|---|
| 2. A competencia na lingua galega.                      | <p>2.1. A competencia lingüística e as destrezas básicas.</p> <p>2.2. A competencia na lingua galega do profesorado de E. Primaria.</p> <p>2.3. O desenvolvemento das destrezas en lingua galega na E. Primaria.</p> <p>2.3.1. A comprensión e a expresión oral.</p> <p>2.3.2. A lectura e a escritura.</p>   |
| 3. O comportamento fónico da lingua galega.             | <p>3.1. O sistema vocálico e o sistema consonántico: descrición, alteracións e fenómenos especiais.</p> <p>3.2. As secuencias máis relevantes da expresión oral: explicación e práctica.</p> <p>3.3. A aprendizaxe dos trazos fónicos da lingua galega na E. Primaria.</p>  |
| 4. O comportamento morfosintáctico da lingua galega.    | <p>4.1. Usos do artigo determinado.</p> <p>4.2. Formantes constitutivos e facultativos do nome. Gradación do nome adxectivo.</p> <p>4.3. Funcións e usos do pronome persoal. Posición das formas pronominais átonas.</p> <p>4.4. Posición e significación dos demostrativos. Función e significación dos posesivos.</p> <p>4.5. Observacións respecto do uso dos indefinidos, dos numerais e dos relativos, interrogativos e exclamativos.</p> <p>4.6. O verbo.</p> <p>4.6.1. Estrutura xeral e descrición morfolóxica.</p> <p>4.6.2. Valores e uso dos tempos. Emprego das formas non finitas.</p> <p>4.6.3. Perífrases verbais.</p> <p>4.7. Observacións respecto do uso de determinados adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.</p> <p>4.8. Unidades e funcións sintácticas.</p> |
| 5. O léxico xeral da lingua galega.                     | .   |
| 6. Achegamento ao dominio lingüístico da lingua galega. | <p>6.1. Principais fenómenos diferenciadores das falas. Bloques occidental, central e oriental, e áreas lingüísticas máis importantes.</p> <p>6.2. As variedades diatópicas e a variedade común ou estándar.</p> <p>6.3. A presenza e o tratamento destas variedades na E. Primaria.</p>  |

## Planificación

| Metodoloxías / probas    | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
|--------------------------|-------------------|---|--------------|
| Proba mixta              | 2.5               | 22.5                                      | 25           |
| Lecturas                 | 0                 | 27  | 27           |
| Prácticas de laboratorio | 18                | 27  | 45           |
| Esquemas                 | 0                 | 8   | 8            |
| Sesión maxistral         | 24                | 18  | 42           |
| Atención personalizada   | 3                 | 0   | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

| Metodoloxías             | Descrición  |
|--------------------------|---|
| Proba mixta              | Proba escrita que integra preguntas características das probas de ensaio e das probas obxectivas. En canto ás primeiras, inclúe preguntas abertas de desenvolvemento de certa amplitude, valorando a resposta esperada e as capacidades de razoamento, relación e análise. En canto ás segundas, contén preguntas destinadas á avaliación da expresión escrita e da capacidade de corrección de textos. |
| Lecturas                 | Obras de literatura e outros textos para os alumnos e as alumnas melloraren a comprensión lectora e progresaren no coñecemento do léxico propio da lingua galega.   |
| Prácticas de laboratorio | Diferentes actividades, realizadas individualmente ou en grupo, concibidas para o desenvolvemento da expresión, tanto oral como escrita, do alumnado.   |



|                  |   |
|------------------|---|
| Esquemas         | Representacións simplificadas da información que inclúen os contidos máis relevantes dos temas explicados e das actividades desenvolvidas.  |
| Sesión maxistral | Exposicións orais complementadas con materiais de apoio e con introdución de preguntas teóricas e prácticas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitirllle coñecementos, facilitarlle a aprendizaxe e afacelo á aplicación práctica cotiá. |

#### Atención personalizada

| Metodoloxías                                 | Descrición   |
|--|--|
| Sesión maxistral<br>Prácticas de laboratorio | Consultas relacionadas con calquera das explicacións e das actividades realizadas todo ao longo das horas presenciais ou das non presenciais e de traballo autónomo do alumnado.<br><br>Realización, revisión e comentario de prácticas encamiñadas á mellora da competencia expresiva en lingua galega dos alumnos e das alumnas que o poidan precisar. |

#### Avaliación

| Metodoloxías | Descrición   | Cualificación |
|--------------|--|---------------|
| Proba mixta  | Avaliación dos coñecementos aprendidos e da capacidade de análise respecto deles, da corrección expresiva e da capacidade para a corrección de textos, mediante preguntas equiparábeis a algunhas das probas de ensaio e ás das probas obxectivas. | 67.5          |
| Lecturas     | Valoración da comprensión das obras lidas, da competencia na expresión escrita, e das capacidades de análise, razoamento, relación e organización, mediante unha pregunta incorporada á proba mixta.   | 22.5          |

#### Observacións avaliación

O 10% restante da avaliación non se pode incluír por dificultades informáticas. Está dirixido á valoración das respostas e achegas académicas e das actitudes profesionais todo ao longo das actividades presenciais.

#### Fontes de información

|                             |
|-----------------------------|
| Bibliografía básica         |
| Bibliografía complementaria |

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

#### Observacións

&nbsp;

&nbsp;Coñecementos necesarios para cursar axeitadamente esta materia:

coñecementos básicos de fonoloxía galega.  
coñecementos amplos de morfoloxía galega.  
coñecemento do léxico común habitual da lingua galega.  
dominio medio da expresión oral e da escrita en lingua galega.

&nbsp;

(\*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

